



Vistas as dúbidas xurdidas na interpretación dos apartados referentes á planificación das melloras sobre as poboacións cinexéticas e sobre o medio, da Instrución do 19 de decembro, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, na que se establecen os criterios e condicións para a renovación dos plans de ordenación cinexética correspondentes ao 3º período de ordenación, cumpre establecer a seguinte aclaración:

Do traballo realizado para redactar o estado natural e cinexético, o técnico obtivo a información suficiente para zonificar o territorio de xeito que coñece cales son aquelas áreas ou rexións, (montes, agrupacións de montes, etc.), nas que debe priorizar a execución dos traballos de mellora. Cando na Instrución se fai referencia á localización das zonas de actuación, non se está indicando que se precisen as parcelas concretas nas que se executarán as melloras, senón que se identifiquen cales son estas áreas ou rexións nas que se planifica a súa execución, realizándose a determinación concreta da superficie anual de actuación así como da súa localización exacta no correspondente plan anual de aproveitamento.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010

O DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

Asdo.: Ricardo García-Borregón Millán